



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

ANUNCIO: NOMEAMENTO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA PROVEER UN (1) POSTO DE TRABALLO DE COORDINADOR DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN DO MEDIO AMBIENTE FINANCIADO CO PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026, EXPTE. 09/2026-SPLT. 2026/E001/000012.

En cumprimento do establecido na base 13 das que rexeron o procedemento de selección de persoal para a provisión dun (1) posto de traballo de coordinador do Servizo de Conservación do Medio Ambiente financiado co programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026, expte. 09/2026-SPLT, faise pública a resolución de nomeamento adoptada por Decreto do Alcalde número 666/2026, do 18 de xuño de 2026:

Primeiro. Avocar a competencia para o nomeamento da persoa seleccionada para proveer 1 posto de traballo de coordinador, expte. 09/2026-SPLT, dado que urxe a contratación debido a que as tarefas a desenvolver están relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios forestais nas faixas secundarias supervisando a brigada do servizo de conservación do medio ambiente xunto coa xestión técnica e o control administrativo de expedientes.

Segundo. Nomear persoal laboral temporal do Concello de Padrón a don Rubén Manuel Torres González, ao ser o candidato dispoñible que obtido a maior puntuación segundo os criterios fixados no artigo 14 da Orde do 22 de xaneiro de 2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo e se procede á súa convocatoria para o ano 2026, e nos criterios fixados nas bases 9 e 10 das que rexeron o procedemento de selección, aprobadas por Resolución de Alcaldía número 634/2026, do 5 de xuño, para proveer tres postos de traballo de peón/peoa forestal coas seguintes características:

- Denominación do posto: coordinador/a.
- Tipo de contrato: o contrato de traballo que se formalizará coa persoa seleccionada seguirá a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, código 405, de acordo co establecido no artigo 15 da orde de convocatoria.
- Duración: do 29 de xuño do 2026 ao 28 de marzo do 2027, ambos incluídos.
- Xornada laboral: 37,50 horas semanais, en xornada de mañá, de luns a venres.
- Grupo de cotización: 10.
- Servizo a desenvolver: realizar tarefas de supervisión e control da brigada de medio ambiente, organizando e dirixindo o seu traballo, xestionando os traballos silvícolas, de prevención de incendios e reforestación combinando a xestión técnica co control administrativo de expedientes.
- Convenio colectivo aplicable: Convenio colectivo – Acordo regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello de Padrón.
- Salario bruto mensual: 2.256,67 €, incluído o prorrateo das pagas extraordinarias.

Terceiro. Formalizar coa persoa seleccionada o correspondente contrato laboral de duración determinada vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405), segundo o establecido no artigo 15 da orde de convocatoria e no apartado 1º do punto primeiro da resolución do 21 de abril de 2026, e dacordo co establecido na disposición adicional novena da Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego, lexislación que lle será aplicable sen perxuízo do diposto na lexislación que sexa de aplicación ao persoal ao servizo das Administracións públicas e especialmente á administración local.

Cuarto. Requiritur á persoa a presentación da seguinte documentación no prazo máximo de 3 días hábiles contado desde a publicación da presente resolución no Taboleiro electrónico do Concello, na páxina web e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello:

- a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente. As ou os familiares dos anteriores, visado e, de selo caso, documentación acreditativa do vínculo do parentesco e unha declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a ou ao aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.
- b) Declaración responsable, asinada pola ou polo aspirante, de non estar afectada/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separada/o do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo I.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada pola ou polo aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- c) Informe médico actualizado no que se faga constar expresamente que a ou o aspirante reúne a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo. Esta certificación non poderá ter unha antigüidade superior aos tres (3) meses anteriores ao día de remate do prazo de presentación de instancias.
- d) Tarxeta da Seguridade Social no suposto de ter sido dado de alta con anterioridade.
- e) Documento de información sobre a subvención que financia a contratación e declaración sobre requisitos de contratación que será facilitada nas oficinas municipais.
- f) Tarxeta de persoa desempregada espedida ese mesmo día ou como máximo o día anterior.
- g) Permiso de condución B1.
- h) Título, diploma ou certificación dos cursos de formación, seminarios, congresos, xornadas e/ou titulacións oficiais incluídos no curriculum vitae. As certificacións deberán ser expeditas pola administración pública ou entidade privada que o impartiu e/ou financiou e deberán incluír como mínimo o seu contido e duración.

Quinto. Establecer a seguinte lista de reserva para os supostos de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou outros supostos no que o nomeado non chegue a asinar o contrato de traballo no prazo establecido e a bolsa de emprego prevista na base 14 das que rexeron o procedemento de selección:

	APELIDOS E NOME	CURSOS DE FORMACIÓN EN MATERIAS RELACIONADAS COAS FUNCIÓNS A DESEMPEÑAR (Ata 2 ptos)	TÍTULOS ACADÉMICOS OFICIAIS DE NIVEL DISTINTO AO ESIXIDO NA	PUNTA CIÓN MERITOS
--	-----------------	--	---	--------------------------



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

			CONVOCATORIA (Ata 3 ptos)	
1º	TORRES GONZALEZ RUBEN MANUEL*	0,80	0,10	0,90
2º	MARTIN ROSON M AMPARO	0	0	0
* Candidato a contratar				

Sexto. Facer público o presente nomeamento mediante anuncio que se inserirá no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón, no da Casa do Concello e na páxina web do mesmo (www.padron.gal).

Sétimo. Dar traslado da mesma aos servizos de Intervención-Tesourería e ao Comité de Empresa do Concello de Padrón e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Oitavo. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca.